



OBSERVATORIO
da Sociedade da Información
e a Modernización de
GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

A administración electrónica na Xunta de Galicia

Iniciativas. Ano 2010

Marco estratéxico de referencia na materia na Xunta de Galicia

Durante o 2010 puxéronse en marcha varios plans con incidencia no ámbito da potenciación e desenvolvemento da Administración electrónica en Galicia

- **Axenda Dixital de Galicia 2014.gal.** A estratexia global da Xunta de Galicia en materia da sociedade da información
 - Unha Administración intelixente e eficiente, que sexa quen de ofrecer novos servizos e que faga máis con menos
 - A promoción das competencias dixitais da cidadanía, como base para o emprego, a cohesión social e a calidade de vida
 - Unhas empresas que fagan un uso intensivo das TIC para conseguir unha economía sustentable e innovadora
 - O despregamento dunhas infraestruturas de telecomunicacións para a vertebración territorial a través da Rede
- **Plan de Modernización** da Administración Pública, para potenciar o desenvolvemento dos servizos de administración electrónica




Mellora do **equipamento informático** e da **conectividade** dos **centros administrativos da Xunta de Galicia**

- O número de ordenadores de usuario instalados nas dependencias administrativas da Xunta de Galicia achégase ás 20.000 unidades, das que o 7,2% son portátiles
- Máis do 85% dos equipos ten acceso a internet, mentres que na anterior enquisa estaban só o 70%
- O 99,3% dos centros administrativos están conectados a internet, normalmente a través da rede Corporativa da Xunta de Galicia
- Destinados máis de 34 mil ordenadores ao desenvolvemento de servizos públicos nos centros sanitarios (historia clínica dixital e receita electrónica), centros educativos e sedes xudiciais




O novo **Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI)** un paso máis nas políticas de uso eficiente das TIC

- No 2010, púxose en marcha o Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) da Xunta de Galicia que integrará aos máis de 80 CPDs existentes ata agora
- O número total de servidores, 1468 unidades, supón un incremento dun 27.3% desde o 2008. Ademais, o 96% están instalados en sedes da Xunta de Galicia
- No 2010 púxose en marcha un sistema de compra centralizada de hardware e software para acadar as vantaxes das economías de escala e conseguir importantes aforros (estimados nun 35%)
- Ademais nos concursos públicos estanse a introducir criterios que teñen en conta o consumo enerxético dos equipos dentro das políticas green-IT



A Xunta de Galicia está comprometida coa extensión do **software de fontes abertas (FLOSS)**

- A porcentaxe de equipos con sistema operativo libre incrementouse significativamente desde a anterior enquisa (46% fronte ao 58%) mentres que a porcentaxe de equipos con sistema operativo propietario diminuíu desde a anterior enquisa (89% fronte ao 85%)
- En canto aos servidores a porcentaxe de servidores con sistema operativo propietario diminuíu desde a anterior enquisa (77% fronte ao 59%)
- A Xunta de Galicia promove o uso do software libre a través dos Plans anuais de Acción FLOSS, ademais integrouse no CENATIC (Centro Nacional de Referencia das TIC baseadas en fontes abertas)



O portal corporativo **xunta.es**, punto principal de interacción coa sociedade

- O novo portal corporativo (xunta.es) é o punto principal de interacción coa sociedade, que recolle xunto coa información institucional corporativa, a información administrativa e os servizos en liña facilitados ou prestados pola Administración xeral de Galicia para a súa difusión ás persoas interesadas
- Estrutura organizada por subportadas, na que mediante máis de 350 ligazóns pódese atopar a información ordenada por áreas de goberno e institucións, colectivos, temas ou servizos
- A finais do 2010 tíñanse rexistrados 11,6 millóns de accesos de máis de 350.000 usuarios distintos
- O catálogo de webs da Xunta, rexistra 303 portais dos que 35 son novos do 2010.
- Déronse de baixa 44 portais webs obsoletos




Importante mellora na **xestión de contidos e políticas de privacidade**

- Respecto das enquisas anteriores, hai unha mellora importante no referido as declaracións das políticas de privacidade dos datos, a mostra do aviso legal, o cumprimento de estándares, as normas de accesibilidade e a descarga de contidos en formatos RSS
- Tamén están definidas as políticas de uso de formatos de arquivos asociados aos contidos, catalogación e etiquetado, uso de linguaxe non discriminatoria, etc.
- Está dispoñible unha canle multimedia que ofrece vídeos, imaxes e sons
- Por último, creouse un servizo para coordinar a imaxe, nomes, estrutura e deseño das webs das diferentes consellerías e entidades instrumentais.
- O número de persoas dedicado a xestión de contidos diminuíu case un 40% respecto ao ano 2009, cambiando a tendencia das 3 anteriores enquisas



Os **procedementos e servizos electrónicos** na Xunta de Galicia

- O portal corporativo presenta un catálogo de 1917 procedementos administrativos dos que a finais do 2010 podían iniciarse 102 de modo telemático
- O acceso ao catálogo é posible por texto libre, mais existen segmentacións por área temática, perfil do usuario, ou organismo ao que se quere acceder. Tamén está clasificado por tipo de procedemento ou tipo de tramitación.
- Está implantado o servizo de comunicacións electrónicas que inclúe a constancia da transmisión, data, contido e identificación de remitente e destinatario.
- Tamén, a plataforma de contratación, na que as diferentes administracións galegas, entes públicos, organismos, etc. poden facer publicidade das súas licitacións que as empresas poden recibir mediante un sistema de alertas, así como coñecer o estado dos expedientes en cada momento



Guía do cidadán: busca de trámites ou procedementos

Insira un texto para a busca Ex: "Axudas para o illamento", "Licenza de caza" ou "Proxectos de investigación"

Pode afinar a busca escollendo polos seguintes criterios:

> Por materia ou área temática:

> Por perfil do solicitante:

> Por organismo:

> Por tipo de procedemento:

☐ Admisións e probas de acceso	☐ Autorizacións/permisos/licenzas	☐ Axudas/subvencións
☐ Bolsas	☐ Carnés	☐ Certificacións
☐ Comunicacións	☐ Concesións	☐ Concursos
☐ Cursos	☐ Expropiacións	☐ Informes
☐ Premios	☐ Programas	☐ Programas de servizos sociais
☐ Reclamacións	☐ Rexistros administrativos	☐ Declaración responsable

> Por tipo de tramitación:

☐ Presentación electrónica


Buscar 

Análise dos principais servizos xerais online da Xunta de Galicia



- O 66'6% dos servizos analizados presenta un nivel de interacción de tramitación completa en liña (niveis 4-5).
- Variación positiva en 4 servizos: concursos, licitacións e contratacións; sancións e multas; denuncias e atestados e ofertas de emprego

No 2010, se produce un avance importante no nivel de tramitación completa (4) nos servizos das páxinas web das consellerías




Simplificación de documentos na Xunta de Galicia.


Para a xestión e resolución dos expedientes administrativos a Xunta de Galicia esixen unicamente os documentos ou datos que sexan estritamente necesarios, e que a Administración non poida obter polos seus propios medios.

Non se solicitan ás persoas interesadas a achega dos seguintes documentos:

- A fotocopia do documento nacional de identidade, ou documento equivalente.
- O certificado de empadramento, como documento probatorio do domicilio e da residencia.




Módulos de tramitación electrónica disponibles ou usados nas consellerías da Xunta de Galicia



Os módulos de tramitación electrónicos usados por máis consellerías son o acceso electrónico aos expedientes (70% de consellerías), a plataforma de sinatura electrónica (70%), e o uso da factura electrónica (70%).


Uso das **redes sociais** e promoción da **participación cidadá**

- Para a comunicación cos cidadáns estase a promover a universalización do servizo 012, que integra tanto a comunicación telefónica, como a telemática
- Durante o 2010 deuse un importante impulso ao desenvolvemento dos mecanismos de participación cidadá mediante o uso das redes sociais máis populares. Así, poden atoparse enlaces a Facebook (máis de 1300 seguidores a finais de ano), Twitter, Flickr, Youtube, etc
- No 2010, púxose en marcha o servizo de envío de mensaxes curtos, formato SMS, activable mediante suscripción a temas de interese como a canle de axudas ou alertas meteorolóxicas
- Tanto na web corporativa como na maioría (60%) das diferentes consellerías existe un acceso aos datos de contacto, así como a presentación de queixas ou suxestións



Redes
sociais

Na seguinte gráfica móstranse a evolución dos porcentaxes de consellerías que utilizan os diferentes **mecanismos de comunicación coa cidadanía**



Desenvolvemento da Lei 11/2007 de acceso dos cidadáns aos **servizos públicos**

- O Decreto 198/2010, do 2 de decembro de 2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e entidades dependentes: o dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos, a creación e regulación da sede electrónica e do rexistro electrónico, o impulso e desenvolvemento dos servizos electrónicos e o establecemento de estruturas e servizos de interoperabilidade.
- A finais do ano 2010, xa estaban en funcionamento formularios para iniciar algúns procedementos de forma electrónica, con identificación do usuario (e-DNI), no camiño ao desenvolvemento completo da sede electrónica da Xunta de Galicia
- Por outra parte, está recoñecida a validez dos documentos electrónicos, igual que a dos convencionais, as canles de comunicación e as formas de identificación e representación dos cidadáns ante a Administración.
- O rexistro electrónico permite a entrada de solicitudes, escritos e comunicacións dirixibles a calquera órgano da comunidade, durante as 24 horas do día, e emite un recibo autenticado co número de rexistro, data e hora.


Cumprimento lexislativo: Desenvolvemento normativo sobre administración electrónica

Publicados **novos decretos** da **Xunta da Galicia** para o desenvolvemento da Administración electrónica

Lista de iniciativas, leis ou decretos promovidos no 2010 para a regulamentación da Administración Electrónica en Galicia


- Decreto 3/2010, que regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública en Galicia
- Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e entidades dependentes
- Tamén se publicaron ordes que desenvolven o sistema de licitación electrónica e a plataforma de contratación

Ademais, a instrución 1/2010, sobre o catálogo de portais, contidos e servizos das Consellerías, departamentos e organismos adscritos á Xunta de Galicia, a comisión de portais web e o establecemento de directrices comúns no deseño, construción e posta en marcha de páxinas, portais ou sitios web.



Aumentou o **Compromiso orzamentario** da Xunta da Galicia en materias relacionadas coas TIC

- O orzamento da Xunta de Galicia en materia TIC, sen incluír o gasto de persoal (cap 1 dos orzamentos públicos) alcanzou no 2010 os 183 millóns de euros, un 4,1% máis que o ano anterior
- Esta cantidade supuxo o 1,49% do orzamento xeral da Xunta de Galicia que mellorou sensiblemente a cifra do ano 2009, que era do 1,33%





XUNTA
DE GALICIA

